



Ingresos e custos ocultos na xestión económica

Nas seguintes páxinas avalío os chamados “gastos e ingresos ocultos”, os cales en ocasións non temos en conta á hora de realizar a xestión da nosa granxa, o que trae como consecuencia un balance final erróneo, e mostro algúns exemplos prácticos co fin de mellorar os cálculos para poder obter maiores beneficios.

Manuel Fernández
Webmaster de www.cowsulting.com

Que se analiza nos balances?

O ámbito
FINANCEIRO

O ámbito
ECONÓMICO


QUE SE ANALIZA NOS BALANCES?

A maioría das granxas levan dunha maneira ou outra a súa xestión económica.

Con todo, a xestión eficiente de calquera empresa tradúcese en fixarse en dous ámbitos que adoitan confundirse, o financeiro e o económico.

O **ámbito financeiro**: como se está a xestionar o que ten e o que debe a empresa.

- A ferramenta habitualmente usada é o “balance de situación”, no cal se valora.
 - Se a empresa ten fondos suficientes para afrontar a súa actividade: se está en disposición de facer fronte ás súas débedas (a empresa é solvete se ten liquidez suficiente para facer fronte a eses pagos).
 - Se eses fondos están correctamente distribuídos, para o que se ten en conta:
 - O fondo de manobra (ou capital circulante) que nos asegura que o activo circulante (a parte do noso diñeiro que podemos usar a curto prazo) é suficiente para pagar as nosas débedas a curto prazo (pagamento a provedores, préstamos...).



- O período medio de cobro dos nosos produtos
- O período medio de pago aos nosos provedores
- O balance permítenos, por tanto, comparar:
 - a riqueza xerada polo proceso produtivo de fabricar leite, ademais da achega económica dos socios,
 - a cantidade de débedas e obrigas con terceiros,
 - a capacidade de cubrir esas débedas en caso de peche de actividade (fondo de manobra positivo),

- a capacidade dos recursos da empresa (diñeiro, vacas, bens...) para converterse en diñeiro,
- a capacidade de pagamento das débedas.

2. O **ámbito económico**: a capacidade da empresa de xerar beneficios ou rendibilidade ou, dito doutro xeito, saber se o proceso produtivo de producir leite na nosa granxa é rendible.

- A ferramenta habitualmente usada é a “conta de perdas e ganancias” ou “conta de resultados”, que é onde se valoran os ingresos e gastos do proceso produtivo de fabricar leite, concluíndo se é rendible ou non e axudándonos a predicir as perspectivas de futuro.
- Tamén nos serve para coñecer a produtividade dos factores produtivos da empresa:
 - litros producidos por vaca,
 - beneficio por praza,
 - vacas por traballador, beneficio por traballador... ►►

► TEMOS QUE SABER DISTINGUIR ENTRE O QUE REALMENTE GAÑAMOS CADA ANO [...] E SE O PROCESO PRODUTIVO DE FABRICAR LEITE É RENDIBLE OU NON

Dos Torres Córdoba

USIAS



HOLSTEINS

XII FERIA DE GANADO FRISÓN

18 y 19 de octubre de 2019

► PÓDESE DAR O CASO DE QUE O PROCESO PRODUTIVO DEA RESULTADOS NEGATIVOS E, NON OBSTANTE, NA CONTA BANCARIA OBTENHAMOS INGRESOS

Estes dous ámbitos están intimamente relacionados, xa que, canto máis próspero é un negocio, disporá de maiores medios financeiros para levar a cabo a súa actividade e o seu futuro será máis prometedor. Non obstante, e baixo o meu punto de vista, temos que saber distinguir entre o que realmente gañamos cada ano (se o poñemos todo nunha conta bancaria) e se o proceso produtivo de fabricar leite é rendible ou non.


Pódese dar o caso de que o proceso produtivo dea resultados negativos, pero en cambio na conta bancaria obtemos ingresos. Aquí é onde entran o que eu chamo “ingresos e custos ocultos”, como todo aquilo que é alleo ao proceso produtivo pero que realmente fai que chegue diñeiro aos nosos petos.

Un dos conceptos que adoita ser motivo de polémica é o uso dos chamados “custos de oportunidade”. O concepto é fácil de entender: se nos gastos de persoal só incluimos os salarios pagos e non valoramos o noso tempo ou outros gastos de persoal familiar, non podemos saber se o proceso produtivo é rendible ou non, xa que cando esas persoas que traballan sen soldo deixen de traballar habería que pagalos.

Isto quere dicir que un “custo de oportunidade” só se materializa “cando sucede a oportunidade”, isto é, hai que consideralos para saber se o proceso produtivo puro e duro sería rendible se se materializase ese custo de oportunidade pero, de feito, mentres eses soldos non se paguen, o diñeiro vai ao noso peto.

Vexamos o exemplo de como valora a Red Rengrati o custo de oportunidade da man de obra que non se paga, para que vos fagades unha idea da súa influencia (en ocasións custa o mesmo que a que si se paga):

Figura 1. Custos totais da man de obra (custo de oportunidade da man de obra familiar e custo da man de obra asalariada) [€/100 kg SCM]



INGRESOS

Un exemplo: ingresamos por venda de leite 340 euros por tonelada de leite, xa sexa a que vai a industria ou a que vendemos por outras vías:

- INGRESOS -				
INGRESOS LECHE	TOTAL	€/Tn	€/UTH	€/Vaca
Ventas Brutas Leche	236386	340	236386	3694
Otros ingresos leche	0	0	0	0
VENTAS NETAS LECHE	236386	340	236386	3694


Pero tamén temos outros ingresos “non de leite”. Ingresamos por vendas non de leite outros 64 €/t grazas aos ingresos por venda de xatos e vacas, posibles ingresos provenientes do seguro (se o temos contratado) e os ingresos por subvencións “de explotación” que se cobran no período, como a PAC.

- INGRESOS -				
INGRESOS NO DE LECHE	TOTAL	€/Tn	€/UTH	€/Vaca
Venta de animales	18096	26	18096	283
Seguros	0	0	0	0
Subvenciones de Explotación *	18608	27	18608	291
Otros ingresos	7854	11	7854	123
TOTAL NO LECHE	44558	64	44558	696
INGRESOS TOTALES	280944	404	280944	4390


Os ingresos por venda de xatos-xatas e vacas son secundarios á actividade, pero existen dentro do proceso produtivo e mesmo se poden optimizar. Os seguros xeran ingresos pero tamén o gasto da póliza. Con todo, as subvencións de explotación non están ligadas ao proceso produtivo e poden aumentar, rebaixarse ou desaparecer no tempo.

Por tanto, xa temos algo que nos desdubuxa os ingresos debidos ao proceso produtivo que é a subvención, de forma que podemos ingresar un 7-10 % máis ou menos de existir a non existir subvención que pode facer que un proceso produtivo non rendible se converta en rendible.

Ingresos con subvención



Ingresos sen subvención



GASTOS

Os gastos habituais aos que estamos afeitos son os seguintes:

Gastos variables

Son os que dependen directamente da actividade (aínda que as camas poderían considerarse gasto fixo). ►►

Que nada che rompa ese momento...

Sabías que, segundo as estatísticas, é máis perigoso estar na bañeira que nun estanque de cocodrilos?

**Tranquilo, en Ucoga
encargámonos de garantir
todos os teus momentos.**




► O QUE EU DECIDÍN PRODUCIR NO LUGAR DE MERCAR, ESTO UNO FACENDO BEN OU MAL? ISO TAMÉN É UN "INGRESO-CUSTO OCULTO"

- GASTOS -				
VARIABLES	TOTAL	€/Tn	€/UTH	€/Vaca
Alimentación (total)	150481	216	150481	2351
Sanidad, semen e higiene	22589	32	22589	353 (29)
Camas	8640	12	8640	135
TOTAL GASTOS VARIABLES	181710	261	181710	2839
MARGEN BRUTO *	99234	143	99234	1551

A primeira consideración é sobre a alimentación:

Distribución de gastos



A alimentación adoita ocupar entre o 50-60 % dos gastos totais e, nas racións húmidas, o 60 % ou máis adoita ser forraxe, co que o 36 % dos gastos totais do proceso produtivo veñen dados polo custo da forraxe consumida. Calquera erro na súa valoración inflúe moitísimo no resultado. Poñamos como exemplo a seguinte ración real tomada da descarga do carro *unifeed* nun mes.

Datos do rabaño

Ración	Ingrediente	€/Ton	Kg mes	Vacas	Kg/v (t)	Kg/v (r)	Desv
LACTACIÓN	PALLA	106	2332.6	37	2	2.1	-0.1
LACTACIÓN	PENSO	280	11785.8	37	10.4	10.3	0.1
LACTACIÓN	SILO HERBA	49	2428.4	38	7	7.1	-0.1
LACTACIÓN	SILO MILLO	58	43173.2	37	37.3	37.7	-0.5

O custo de alimentación parece ser de 5,4 euros por vaca e día, o cal nos dá a seguinte estrutura de "Ingresos sobre gastos de alimentación":

ISGA (%) :

Litros	310	315	320	325	330	335	340	345	350	355	360	365
18	3.23	4.76	6.25	7.69	9.09	10.45	11.76	13.04	14.29	15.49	16.67	17.81
20	12.9	14.29	15.63	16.92	18.18	19.4	20.59	21.74	22.86	23.94	25	26.03
22	20.82	22.08	23.3	24.48	25.62	26.73	27.81	28.85	29.87	30.86	31.82	32.75
24	27.42	28.57	29.69	30.77	31.82	32.84	33.82	34.78	35.71	36.62	37.5	38.36
26	33	34.07	35.1	36.09	37.06	38	38.91	39.8	40.66	41.5	42.31	43.1
28	37.79	38.78	39.73	40.66	41.56	42.43	43.28	44.1	44.9	45.67	46.43	47.16
30	41.94	42.86	43.75	44.62	45.45	46.27	47.06	47.83	48.57	49.3	50	50.68
32	45.56	46.43	47.27	48.08	48.86	49.63	50.37	51.09	51.79	52.46	53.13	53.77
34	48.77	49.58	50.37	51.13	51.87	52.59	53.29	53.96	54.62	55.26	55.88	56.49
36	51.61	52.38	53.13	53.85	54.55	55.22	55.89	56.52	57.14	57.75	58.33	58.9
38	54.16	54.89	55.59	56.28	56.94	57.58	58.2	58.81	59.4	59.97	60.53	61.07
40	56.45	57.14	57.81	58.46	59.09	59.7	60.29	60.87	61.43	61.97	62.5	63.01
42	58.53	59.18	59.82	60.44	61.04	61.62	62.18	62.73	63.27	63.78	64.29	64.77
44	60.41	61.04	61.65	62.24	62.81	63.36	63.9	64.43	64.94	65.43	65.91	66.38
46	62.13	62.73	63.32	63.88	64.43	64.96	65.47	65.97	66.46	66.93	67.39	67.84

Obsérvase que 34 litros de produción con esa ración cobrando a 340 euros/tonelada colocaríanos nun 53,3 % de ingresos sobre gastos de alimentación, o cal non está mal.

Con todo, estamos a usar unha valoración de forraxes baseada no prezo de mercado, concretamente prezos parecidos aos de compra de forraxes por parte de empresas que fabrican mesturas húmidas.

Cando valoramos un silo de millo, tentamos saber o prezo ao que deberíamos vendelo e por iso incluimos varios "custos de oportunidade", como o custo ao que poderíamos alugar a terra se non a explotásemos nós ou o prezo do diñeiro que obteríamos.

A realidade é que estes custos de oportunidade debemos valoralos para comparar co prezo de merca-

do e saber se producimos a nosa forraxe máis cara do que a poderíamos comprar. Tamén as temos que ter en conta se queremos comparar resultados de granxas para ter sempre o mesmo criterio.

Non obstante, como de feito non o vendemos, o custo de fabricación por tonelada dun silo de millo pode ser perfectamente de 36-40 euros/tonelada.

Pasa igual co silo de herba, que pode ser de 48 euros/tonelada por exemplo, de forma que a ración anterior tería un custo real de 4,8 euros/vaca/día no canto de 5,4; daquela, o custo de alimentación é un 11 % menor (e os custos totais baixan sobre o 4 %) e o cadro de ingresos sobre gastos de alimentación quedaría preto do 60 %, como se pode observar na seguinte táboa do ISGA: ►►

ISGA (%) :

Litros	310	315	320	325	330	335	340	345	350	355	360	365
19	18.51	19.8	21.05	22.27	23.44	24.59	25.7	26.77	27.82	28.84	29.82	30.79
21	26.27	27.44	28.57	29.67	30.74	31.77	32.77	33.75	34.69	35.61	36.51	37.38
23	32.68	33.75	34.78	35.79	36.75	37.7	38.62	39.51	40.37	41.21	42.03	42.82
25	38.06	39.05	40	40.92	41.82	42.69	43.53	44.35	45.14	45.92	46.67	47.4
27	42.65	43.56	44.44	45.3	46.13	46.93	47.71	48.47	49.21	49.92	50.62	51.29
29	46.61	47.45	48.28	49.07	49.84	50.59	51.32	52.02	52.71	53.38	54.02	54.65
31	50.05	50.84	51.61	52.36	53.09	53.79	54.46	55.12	55.76	56.38	56.99	57.58
33	53.08	53.82	54.55	55.24	55.92	56.58	57.22	57.84	58.44	59.03	59.6	60.15
35	55.76	56.46	57.14	57.8	58.44	59.06	59.66	60.25	60.82	61.37	61.9	62.43
37	58.15	58.82	59.46	60.08	60.69	61.27	61.84	62.4	62.93	63.46	63.96	64.46
39	60.3	60.93	61.54	62.13	62.7	63.26	63.8	64.33	64.84	65.33	65.81	66.28
41	62.23	62.83	63.41	63.98	64.52	65.05	65.57	66.07	66.55	67.02	67.48	67.93
43	63.99	64.56	65.12	65.65	66.17	66.68	67.17	67.64	68.11	68.56	68.99	69.42
45	65.59	66.14	66.67	67.16	67.63	68.1	68.53	68.98	69.42	69.85	70.27	70.7
47	67.06	67.58	68.09	68.58	69.05	69.51	69.95	70.4	70.82	71.23	71.63	72.02

COMO SABES, NECESITAN LA MEJOR ALIMENTACIÓN

Conscientes de la importancia de alimentar de la mejor manera a tus animales y gracias a la asociación con uno de los mejores laboratorios de forrajes de Estados Unidos, CVAS Cumberland Valley Analytical Services, ponemos a tu disposición por primera vez en España análisis NIR incluyendo digestibilidad de la FND y fermentabilidad del almidón para el modelo CNCPS.



Reportes de fácil
interpretación



Alta precisión en
los resultados



Proceso rápido.
Entrega en 2-5 días



Soporte
técnico

SERVICIO DE ANALÍTICA DE FORRAJES



Estamos ubicados en el centro
de la Península Ibérica

DESCÚBRELO CONTACTANDO CON NOSOTROS:

 C/ Velada, 4.
Talavera de la Reina (Toledo)

 www.alpavet.com

 Director Técnico
Juan Jose Vizuete

 925 81 91 53

 laboratorio@alpavet.com



No apartado de sanidade, seme e hixiene adoitamos sumar os gastos de vacas e xovenas xuntos. Realmente, o matiz é que os gastos de xovenas neste apartado son iguais que os de alimentación de xovenas ou calquera outros; son “gastos para creación de inmovilizado”, o que quere dicir que é diñeiro que apartamos para crear nosas propias máquinas, pero aclararémolo máis adiante cando falemos de amortizacións.

Gastos fixos

Dentro dos gastos fixos (que non dependen da produción), o custo oculto máis claro é o de oportunidade nos gastos de persoal familiar non valorado (do que xa falamos anteriormente).

FIJOS	TOTAL	€/Tn	€/UTH	€/Vaca
Personal	18000	26	18000	281
Suministros	16312	23	16312	255
Mantenimento	8810	13	8810	138
Medio ambiente	0	0	0	0
Gastos xerais	6874	10	6874	107
TOTAL GASTOS FIJOS	49996	72	49996	781

Non matizaremos máis, aínda que queda claro que todos os traballos de mantemento que facemos nós mesmos inclúense dentro do diñeiro que pagamos neste concepto.

INDICADORES DO PROCESO PRODUCTIVO

Por tanto, todos estes conceptos fannos chegar a unha conta de explotación á que estamos habituados, que corresponde cos resultados de amortizacións:

INDICADORES	TOTAL	€/Tn	€/UTH	€/Vaca
INGRESOS TOTALES	280944	404	280944	4390
GASTOS VARIABLES	181710	261	181710	2839
MARGEN BRUTO *	99234	143	99234	1551
GASTOS FIJOS	49996	72	49996	781
GASTOS TOTALES	231706	333	231706	3620
COSTE LITRO LECHE *	187148	269	187148	2924
RESULTADO ANTES DE AMORTIZACION *	49238	71	49238	769

E agora é cando aparecen todos estes conceptos “ocultos” ou que non pasan por caixa:

Amortizacións (vacas)	25937	37	25937	405
Amortizacións Inmovilizado Material	27631	40	27631	432
SUBTOTAL AMORTIZACIONES	53568	77	53568	837
Subvencións de Capital *	0	0	0	0
RESULTADOS DE EXPLOTACION (BAIT) *	-4330	-6	-4330	-68

As amortizacións das vacas e do material non as vemos, pero é diñeiro que deberíamos gardar para facer fronte a esas compras. Falemos delas.

A AMORTIZACIÓN

No momento no que esa xovenca teña o seu primeiro parto, o diñeiro que gastamos en recría deberíase sumar todo xunto e converteríase nun activo que se debería de empezar a amortizar desde ese prezo. Vexamos un exemplo nunha táboa de amortización de vacas:

Censo (116)	Coste	V.R.	F.Nto.	F.Ata.	Edad	Inicio Amort. (+25.4 m)	Vida Util	Fin Amort.	Amortizado Inicio Periodo (01-01-2018)	Amortización Periodo (31-12-2018)	Valor Actual
ES06110848827	1902	0	14/11/10	14/06/13	8.1	18-02-13 (27.11)	4	07-12-17	1902	0	0
ES051109222373	1599	0	04/11/11	25/11/13	7.2	29-09-13 (22.79)	4	18-07-18	1599	0	0
ES071108401005	1674	0	03/12/11	03/12/11	7.1	30-11-13 (23.87)	4	18-09-18	1674	0	0
ES061109388075	1812	0	10/03/12	10/03/12	6.8	07-05-14 (25.84)	4	23-02-19	1656	156	0
ES011109388081	2197	0	16/06/12	16/06/12	6.5	27-01-15 (31.31)	4	15-11-19	1609	547	41
ES021109388082	1879	0	18/06/12	18/06/12	6.5	13-09-14 (26.79)	4	02-07-19	1551	328	0

Se contamos cun custo de recría por día, por exemplo de 2,35 euros, cada vaca terá un custo de amortización segundo o tempo que se estivo criando ata o seu primeiro parto (ou sexa a súa idade ao primeiro parto).

A primeira xovenca que pariu a 27 meses dáse de alta como un activo que vale 1.902 euros e empézase a amortizar desde esa cantidade durante, por exemplo, catro anos.

A segunda, en cambio, pariu con 22 meses e por iso dáse de alta como un activo que vale 1.559 euros e empézase a amortizar dende esa cantidade.

O valor actual correspóndese coa parte que queda por amortizar desa vaca. Por exemplo, as catro primeiras vacas a data 31 de decembro xa están amortizadas, á quinta quedánlle 41 euros por amortizar e ese é o seu valor. Outra cousa é o valor residual que darán pola vaca cando vaia ao matadoiro.

► NO FONDO TODO O MUNDO SABE SE GAÑA OU PERDE DIÑEIRO, PERO QUIZAIS SERÍA INTERESANTE DESAGREGAR COMO

GRUPO AGROAMB

SENTIDO DA RECICLAXE

VANTAXES

- ✓ Melloran a estrutura do solo, drenaxe, retención de auga e aireación, proporcionando un mellor ambiente de enraizamento das plantas.
- ✓ Posúen calidades de liberación de nutrientes lenta. O material continúa a súa descomposición dentro do solo, reducindo a cantidade de nitróxeno e fosfato que pode orixinarse cos fertilizantes químicos.
- ✓ Melloran a capacidade de traballo dos chans, especialmente arxilosos pesados.
- ✓ Melloran a retención de auga nos solos lixeiros.
- ✓ Melloran a resistencia á compactación do solo e á erosión.
- ✓ Reducen a necesidade de fertilizantes artificiais.
- ✓ Regulan o pH do solo, ao achegar cal.

PRODUTOS FERTILIZANTES

O seu contido en materia orgánica, nitróxeno e fósforo fanos especialmente atractivos para a elaboración de fertilizante no sector agroforestal. Entre as súas variadas vantaxes hai que destacar que melloran a estrutura do solo, o seu grao de porosidade e a capacidade de retención de auga debido fundamentalmente á achega de materia orgánica. Ademais, proporciónalle ao solo nitróxeno, fósforo e potasio de liberación lenta, e, ao achegar cal, permite regular o pH do solo. AGROAMB ten inscritos os diferentes produtos fertilizantes que elabora no Rexistro de Produtos Fertilizantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

FERTILIZANTES AUTORIZADOS

CÓDIGO	TIPO	NOME COMERCIAL
F0001757/2022	Fertilizante orgánico NPK de orixe animal e vexetal	AGROTHAME ORGANITE START
F0001894/2022	Emenda orgánica compost	AGROTHAME ORGANITE COMPOST
F0001895/2022	Emenda orgánica compost	AGROTHAME ORGANITE COMPOST START
F0001896/2022	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO START
F0001897/2022	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO
F0001919/2023	Fertilizante órgano-mineral nitrogenado líquido	AGROTHAME ORGANITE N-LIQ
F0001925/2023	Fertilizante órgano-mineral NK líquido	AGROTHAME ORGANITE PURINE
F0001926/2023	Fertilizante órgano-mineral NP líquido	AGROTHAME ORGANITE LIQUID
F0001980/2023	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO ZEN
F0002420/2025	Fertilizante órgano-mineral NPK	AGROTHAME ORGANITE AGRO
F0002421/2025	Fertilizante órgano-mineral NPK	AGROTHAME ORGANITE SULFAGRO
F0002422/2025	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMOST




AGROAMB

Ponte de Outeiro, 10 | 27256 Castro de Rei (Lugo)

Teléfono (+34) 982 231 365 | Fax (+34) 982 240 534

E-mail agroamb@agroamb.com | Web www.agroamb.com

Figura 2



► O PROCESO DE AMORTIZACIÓN DE VACAS DÁ NOS A INFORMACIÓN DOUTRO GASTO "QUE NON SE VE"

O concepto é o mesmo que o da amortización dun tractor ou calquera outro ben; cando o queiramos vender non ten por que coincidir co que nos paguen, pero é lóxico calcular o seu valor polo que nos queda por amortizar del.

Bienes	Coste	V.Residual	F.Compra	Años	Fin Amortización	% de Uso	Amortizado Inicio Periodo (01-01-2019)	Amortización Periodo (01-05-2019)	Valor Actual
CANCILLAS	912	0	01/01/2007	8	01-01-2015	100 %	912	0	0
CONTRUCCION PALLERA	6088	0	01/01/2017	20	01-01-2037	100 %	608	99	5381
SILO (MATERIALES)	8030	0	01/11/2007	20	01-11-2027	100 %	4484	131	3415

Fixádevos que o concepto é o mesmo, pero é diñeiro que non vai ao peto; agora ben, máis nos valería gardalo no banco para facer fronte ao pagamento cando haxa que cambiar ese tractor ou apeiro. Por tanto, as amortizacións son outro "custo oculto".

O valor actual de cada ben ou, como dixemos, o que nos queda por amortizar do ben nun momento concreto ten un matiz importante do que falaremos cando toquemos o custo das baixas.

SUBVENCIONS DE CAPITAL

De novo, aparecen outro tipo de subvencións, as de capital, que se *periodifican* a varios anos, por exemplo, cando cobramos unha subvención dun tractor que compramos hai dous anos, ou a típica subvención de obras da granxa. Deberemos *periodificar* esa subvención durante o tempo que quede ata que o tractor ou a obra se amorticen. No peto aparece un in-

greso puntual un mes e é así, pero no proceso produtivo debemos *periodificalo*.

Hai outras estratexias, como descontalo do prezo de compra; calquera delas é mellor que contar unicamente co ingreso o día que se cobra.

Aquí vemos un exemplo:

Bienes	Fecha Compra	Fecha Subvención	Importe	Fin Amortización	Días	Dotación Periodo (días: 01-01-2017 a 06-05-2019)
ABONADORA KUHN	01/06/2015	09/03/2017	500	01-06-2025	3653	116.9 € (R54 d)

Non obstante, o proceso produtivo debería ser alleo a estas subvencións e dar beneficio sen elas, xa que poden existir ou non. É outro ingreso "oculto ao proceso produtivo".

RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS

O seguinte paso é descontar os gastos financeiros para saber a base que nos quedaría para pagar impostos a Facenda. ►►

RESULTADOS DE EXPLOTACION (BAIT) *	-4330	-6	-4330	-68
Ingresos/ Gastos Financieros	-5363	-8	-5363	-84
RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS *	-9693	-14	-9693	-151

NUEVA GAMA

Nº1
EN VENTAS

RATIBROM®

ALTA
CALIDAD
FABRICADO
EN ESPAÑA



PROTECCIÓN EN EQUIPO CONTRA RATAS Y RATONES



CEBO FRESCO



CEREALES



PARAFINA



PELLET

ALTA APETENCIA

Elaborados con ingredientes de alta calidad y la mayor apetencia del mercado (97%)

GAMA VERSÁTIL

Permite manejar diferentes alternativas según las necesidades de tratamiento o las condiciones ambientales

LARGA DURACIÓN

Resisten largo tiempo en el entorno con su capacidad de atracción intacta



Avda. de Pontevedra, 39 - 36600
VILLAGARCÍA (PONTEVEDRA)
Tfno.: 986 501 371 - FAX: 986 506 916
www.impexeuropa.es

RESULTADO NETO

Ao descontar impostos quedaríanos o resultado neto, pero aquí xa entramos en estratexias fiscais onde cada un ten a súa; polo tanto, eu non achego información sobre iso, porque para min é alleo ao proceso produtivo.

RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS *	-9693	-14	-9693	-151
Tributos e Impuestos	0	0	0	0
RESULTADO NETO *	-9693	-14	-9693	-151

Se a este rendemento neto lle quitamos as amortizacións, dános o que chamamos *cash flow*, é dicir, o que se move por caixa (as amortizacións non se ven en caixa).

RESULTADO NETO *	-9693	-14	-9693	-151
(Cash Flow) *	43875	63	43875	18000

Fixádevos que neste exemplo o proceso produtivo dá resultado positivo se non consideramos as amortizacións.

RESULTADOS ATÍPICOS

A partir de agora parece que a conta de resultados xa a desenvolvemos segundo a estrutura típica, pero non tivemos en conta algúns “ingresos e gastos ocultos ao proceso produtivo” dos que xa falamos:

Pérdida inmovilizado (bajas: 67 nov+ter : 22 vacas) *	-23492	-34	-23492	-367
Alimentación Recría *	16860	24	16860	263
Sanidad, semen, higiene Recría *	0	0	0	0
BENEFICIOS ATÍPICOS *	55843	80	55843	873

TRABALLOS REALIZADOS PARA O SEU ACTIVO

Este concepto é importante, xa que explica por que a recría non é un gasto senón un investimento.

Se somos unha empresa de madeiras e temos que comprar unha mesa para a oficina, parece lóxico fabricala nós porque nos sairá máis barata.

Se a comprásemos, engadíriámola ao noso activo como un ben que amortizaríamos desde o seu prezo de compra (xa que non é un custo senón un investimento que iremos amortizando).

Como a fabricamos nós, o que facemos é ir contabilizando o gasto que nos vai causando fabricar a mesa (unha pata, outra pata...), pero cando xa está fabricada compensamos todos eses gastos cun ingreso e damos de alta a mesa como un ben que hai que amortizar.

De tal forma, se unha pata nos custa 20 euros, as catro 80 euros e os parafusos e a tapa outros 60, ao final temos que compensar todos eses gastos no tempo facéndonos un ingreso de 160 euros e dando de alta unha mesa con valor de 160 euros para amortizala no período que se considere.

Como somos unha empresa de fabricar leite con animais, parece lóxico fabricar os nosos propios animais, porque nos sairá máis barato.

No cadro vemos 35 primeiros partos no ano en curso valorados en 62.475 euros (2,35 euros/día de recría, multiplicados pola idade ao primeiro parto deses partos, dato que collo de control leiteiro).

Por tanto, é un importante ingreso “oculto ao proceso produtivo” pero real, xa que “se recriamos moito, non gastamos moito senón que reinvestimos moito”.

PERDA DE INMOBILIZADO

Este concepto tamén é moi importante. Se non valoramos o custo das baixas (animais, tractores...), perdemos un concepto que cambia a nosa perspectiva de como vai o negocio.

CUSTO DAS BAIXAS

Que pasa se un ben ten un accidente (o tractor ten sinistro total) ou a vaca morre?:

- posibilidade 1: o tractor xa estaba amortizado => gasto = 0
- posibilidade 2: o tractor non estaba amortizado de todo => gasto = ao valor actual no momento do accidente. É un gasto, porque antes tiñamos un ben que podíamos vender e agora xa non o temos e, por riba, non o acabamos de pagar. No caso do tractor é fácil de ver porque teremos que comprar outro e seguir pagando o que quedaba por pagar do que non temos.

No caso dunha vaca pasa igual. Debemos valorar as baixas das vacas que morren en granxa polo valor actual que tiñan no momento de morrer (se non estaban amortizadas).

► O PROCESO PRODUTIVO DEBERÍA SER ALLEO A ESTAS SUBVENCIONS E DAR BENEFICIO SEN ELAS, XA QUE PODEN EXISTIR OU NON

Bajas (11)	Valor	F.Nto.	F.Alta.	F.Baja.	Edad	Inicio Amort. (+25.4 m)	Vida Util	Fin Amort.	Amortizado Inicio Periodo (01-01-2019)	Amortización Periodo (hasta F.Baja)	Valor Actual
ES021111498148	1589	26/08/15	26/08/15	21/01/19	3.7	17-07-17 (22.66)	4	05-05-22	580	22	987
NL758195092	1785	01/03/16	12/05/18	19/01/19	3.2	16-04-18 (25.4)	4	02-02-23	318	22	1445
ES07111110448	1766	23/03/17	23/03/17	21/01/19	2.1	08-05-19 (25.4)	4	24-02-24	152	24	1590


A primeira vaca foi baixa o 21 de xaneiro de 2019 e de 1.589 euros que valía no seu primeiro parto xa amortizáramos $580+22=602$ euros, polo que quedaban por amortizar 987. Neste caso tivemos un custo de 987 euros.

lizar a empresa (é coma se investimos en máquinas).

- Da mesma maneira que se para conseguir diñeiro para pagar un préstamo vendemos vacas... conseguiremos diñeiro pero perdemos capital.

Por todas estas razóns desconto os custos de “alimentación de recría” e “sanidade e reprodución de recría” (aínda que non se adoitan separar vacas de recría), xa que antes foron cargados como custos variables cando realmente non o son. ►►

Figura 3



O custo das baixas habidas nos primeiros catro meses deste ano foi de 6.991 euros, xa que foron mortes en granxa que non foron a matadoiro nin tiveron retorno.

O custo das baixas é outro “custo oculto”, xa que non pasa polo diñeiro do peto.

- Se temos poucos novos partos e moitas baixas, evidentemente estamos descapitalizándonos.
- Se temos moitos novos partos e poucas baixas estamos a capita-

VARIABLES	TOTAL	€/Tn	€/UTH	€/Vaca
Alimentación (total)	150481	216	150481	2351
Alimentación Vacas leche	123986	178	123986	1937 (5.32)
- Precio	0.108			
- Consumo (kg)	1145090			49 (109)
Kuma (leche)	0	0	0	0 (0)
Alimentación Vacas Secas	9635	14	9635	688
- Precio	0.105			
- Consumo (kg)	91863			
Kuma (secas)	0	0	0	0 (0)
Alimentación Recría *	16860	24	16860	263
- Precio	0.344			
- Consumo (kg)	48995			
Sanidad, semen e higiene	22589	32	22589	353 (29)
- Vacas	22589			
- Recría *	0			



**CAIXA RURAL
GALEGA**

A nosa Caixa
www.caixaruralgalega.gal

Por tanto, os beneficios que eu chamo “atípicos” son de 55.000 euros e neste exemplo podemos concluír:

- Que o *cash flow* é positivo: temos diñeiro para pagar o que sae de caixa,
- Que o resultado antes de amortizacións é positivo,
- Que o resultado despois de amortizacións e subvencións de capital (neste caso non as hai) é negativo,
- Que despois de quitar gastos financeiros aínda é máis negativo,
- Que despois de considerar gastos e ingresos atípicos o resultado volve ser positivo (Rneto: 41 euros/tonelada + 80 euros/tonelada (atípicos) = 39 euros/tonelada):
 - 35 novos partos no período fronte a 22 vacas de baixa,
 - Substituír os gastos de recría pola mesma cantidade en positivo.

CENTROS DE CUSTOS

Por último, cabe comentar que é importante dispoñer en paralelo de centros de custos que nos digan se o noso custo é inferior ou superior ao de mercado:

Os centros de custos máis importantes son:

- **Recría:** se recriamos máis caro do que podemos comprar unha xovenca a parir no mercado, estamos a perder diñeiro.
- **Forraxes:** se producimos forraxes máis baratas do que poderíamos comprarlas, estamos a gañar diñeiro. Como eran poucos os ingresos e custos ocultos, engadimos este último: o que eu decidín producir no canto

de comprar (“traballos para o inmovilizado”), estou a facelo ben ou mal? Iso tamén é un “ingreso-custo oculto”.

CONCLUSIÓNS

Hai moitas formas de enganarnos a nós mesmos sobre os resultados do noso proceso produtivo: as subvencións, os custos de oportunidade de persoal, custos reais de elaboración de silos e alimentos, labores que facemos nós mesmos... No fondo todo o mundo sabe se gaña ou perde diñeiro, pero quizais sería interesante desagregar como.

As subvencións non axudan neste sentido, xa que o 7-10 % dos nosos ingresos se basean nelas e iso desvirtúa moito a situación:

- Se pensamos vivir sempre acompañados de subvención, este artigo non serve para nada.
- Se queremos acompañar esa subvención dunha análise máis crítica do noso proceso produtivo, quizais sería interesante profundar máis nos temas expostos neste estudo.
- Se queremos explorar “que pasaría” se algún día nos adelgazan ou separan desas subvencións, pode ser bastante interesante telo en conta. ■

NOTA DO AUTOR

O software gratuíto www.cowsulting.com, a través de Vaca Pinta (<https://vacapinta.com/el-internet-de-las-granjas.html>) está a disposición de calquera que queira abundar nestes aspectos.

► SE PENSAMOS VIVIR SEMPRE ACOMPAÑADOS DE SUBVENCIÓN, ESTE ARTIGO NON SERVE PARA NADA



Se producimos forraxes máis baratas do que as poderíamos comprarlas, estamos a gañar diñeiro